

COMISIÓN DE SEGUIMIENTO CARREIRA E COMPLEMENTO DE DESEMPEÑO

Santiago de Compostela 21/03/2023

En reunión de ambas comisións de seguimento, a de persoal funcionario (UGT, CCOO e CSIF) e a de laborais (UGT e CCOO), apróbase o seguinte:

SUPOSTOS PARA O CÓMPUTO DA ANTIGÜIDADE

En relación aos supostos para o cómputo da antigüidade aos efectos de cumprir os requisitos establecidos para o recoñecemento do grao que corresponda acórdanse por unanimidade as seguintes interpretacións:

- **Suposto 1:** Persoal funcionario de carreira doutra administración, que se integra como persoal funcionario nesta Administración en virtude de concurso de traslados. Unha vez integrado se computa toda a súa antigüidade como se fose experiencia en Xunta, sempre que esa integración sexa anterior a 31.12.2021.
- **Suposto 2:** Persoal integrado como persoal laboral da Xunta de Galicia en virtude do Decreto 129/2012, se computa como antigüidade en Xunta os servizos prestados antes da súa integración como persoal laboral fixo.
- **Suposto 3:** Persoal funcionario que logo de acceder a Xunta mediante a superación dun proceso selectivo, ten antigüidade noutra Administración. Esa antigüidade computa como experiencia en Xunta, sempre que se trate de experiencia na mesma escala
- **Suposto 4:** Persoal funcionario Xunta, que ten servizos prestados como persoal estatutario ou como persoal da administración de Xustiza. A petición de UGT na anterior reunión propúxose a reciprocidade do recoñecemento con SERGAS e Xustiza, o Director informa que están analizando que instrumento se pode aplicar para que exista ese recoñecemento.

INTERPRETACIÓN DA AVALIACIÓN DOS CURSOS DE LINGUA GALEGA.

Dado que os cursos de iniciación e perfeccionamento da lingua foron tidos en conta para acceder ao grao I, considérase que deben computarse tamén para acadar o cumprir o requisito de formación para o grao II.

En consecuencia, propónse que todos os cursos de lingua galega computen tanto para o grao I como para o grao II.

Sobre esta cuestión os tres representantes das organizacións sindicais manifestamos que deben computarse os cursos de iniciación e perfeccionamento da lingua galega para todos os graos da carreira administrativa, aprobándose esta interpretación.



INTERPRETACIÓN DO CUMPRIMENTO DO CRITERIO DO NIVEL DO POSTO DESEMPEÑADO PARA O PERSOAL FUNCIONARIZADO.

Remitiuse coa convocatoria o seguinte texto:

Suposto de feito: persoal **laboral fixo** que se **funcionariza** en virtude do **Decreto 165/2019**, dende a **funcionarización do posto, pasa a ocupar un posto con nivel.**

Interpretación: pódese entender que a ocupación dese posto con nivel é anterior a conversión do posto de **laboral en funcionario** mediante a modificación da RPT. É dicir, **os dous anos en postos de nivel computarían dende que desempeña ese posto como laboral ou dende que o desempeña como funcionario. Sempre que sexa mesmo posto.**

Esta interpretación é aprobada por unanimidade.

CLÁUSULA ADICIONAL SEGUNDA. RECOÑECIMENTO DE GRAO MEDIANTE SENTENZA XUDICIAL

O acordo da convocatoria establece:

As persoas que, con **posterioridade á finalización do prazo de presentación de solicitudes**, obteñan **sentenza xudicial firme individualizada de recoñecemento da carreira administrativa** poderán **solicitar o recoñecemento do grao II no prazo dun mes desde a firmeza da sentenza sempre que cumplan os requisitos para obtelo na data do 31.12.2021.**

Neste suposto deberá presentar a través da sede electrónica da Xunta de Galicia unha solicitude mediante o modelo **PR004** (Presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado) dirixida á Dirección Xeral de Función Pública alegando o que considere necesario.

Interpretación en relación ao inicio do prazo:

Debe entenderse que o **prazo dun mes** desde a firmeza da sentenza **iniciarase ao día seguinte da notificación do decreto de declaración da firmeza da sentenza.**

ROGOS E PREGUNTAS

- Prepararán informe actualizado da situación do pagamento para a vindeira xuntanza.
- **UGT** pregunta pola situación dos pagamentos do grao II que aínda están por realizarse e as implicacións na declaración da renda. Para a próxima reunión traerán a cuestión pechada con nóminas de AMTEGA.
- **UGT** solicita a apertura dun novo prazo de presentación de solicitudes, solicitude que xa tiña feito en anteriores xuntanzas.

